



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE AGOSTO DE 2020**

**1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do IGVS e conceder licenza para a rehabilitación do edificio de vivendas na Trva. San Pedro, 4. LIC/880/2019. Concédese a licenza.**

**2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a autorización da excepcionalidade do cumprimento de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, remitir copia da resolución á Dirección Xeral do IGVS e conceder licenza para a rehabilitación de edificación vivenda unifamiliar e local comercial en planta baixa na rúa das Carretas, 25. LIC/1818/2016. Concédese a licenza.**

**3.- Proposta da concelleira-delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Cáritas Diocesana de Santiago. Ano 2020. Apróbbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, por unha contía de 120.000 euros.**

**4.- Proposta da concelleira-delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e á Asociación de Pais de persoas con discapacidade intelectual (ASPAS). Ano 2020. Apróbbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago de Compostela e a Asocaión de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (ASPAS), por unha contía de 6.000 euros.**

**5.- Proposta da concelleira-delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Cociña Económica de Santiago. Ano 2020. Apróbbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago de Compostela e Cocina Económica de Santiago, por unha contía de 60.000 euros.**

**6.- Proposta da concelleira-delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Secretariado Xitano. Ano 2020.** Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2020 entre o concello de Santiago de Compostela e Fundación Secretariado Gitano, por unha contía de 23.000 euros.

**7.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito.** Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito relativos a:

- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social correspondentes a varias facturas de xuño, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 22.300 euros a favor de Vego Supermercados SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social correspondentes a unha factura emitida en xullo, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 4.182,06 euros a favor de Día Retail España SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social correspondentes a unha factura emitida en xullo, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 15.226,56 euros a favor de Día Internacional de Alimentación SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social correspondentes a varias facturas de xuño, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 24.187,36 euros a favor de Vego Supermercados SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social correspondentes a varias facturas, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 21.028,13 euros a favor de Centros Comerciales Carrefour SA.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social correspondente a varias facturas de xullo, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 28.511,98 euros a favor de Mercartabria SLU.

**8.- Convalidación de gasto.** Acórdase convalidar as actuacións levadas a cabo en canto ao outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade coa declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que as motivaron, en relación cos subministros que constan nas facturas emitidas por Centros Comerciais Carrefour por importe de 6.570,56 euros.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á solicitude da subvención á Consellería de Cultura e Turismo, destinada a entidades locais para a dotación de novidades editoriais en galego, en formato físico, e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020.**

Apróbase:

- Solicitar á consellería de Cultura e Turismo, na convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020, unha subvención por importe de **3.500 euros**, para a dotación de novidades editoriais en galego, en formato físico, con destino á biblioteca pública municipal José Saramago.
- Solicitar á consellería de Cultura e Turismo na convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020, dunha subvención por importe de **5.000 euros** para a mellora das coleccións bibliográficas con destino á biblioteca pública municipal José Saramago.

**10.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.**